




GUÍA DE VIXILANCIA DA SAÚDE NO SECTOR PESQUEIRO 3.ª PARTE



Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral



OSALAN
Laneko Segurtasun eta
Osasunerako Euskal Erakundea
Instituto Vasco de Seguridad y
Salud Laborales

ISBN: **978-84-695-9011-9**

AUTORÍA



A PRESENTE GUÍA FOI REALIZADA POR:

Na parte médica:

Autoría:

Aitor Guisasola Yeregui. Médico especialista en Medicina do Traballo. OSALAN – Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laborais.

Nieves Lorenzo Espeso. Médica especialista en Medicina do Traballo. ISSGA - Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Helena Abigail Rodríguez González. Enfermeira especialista en Enfermería do Traballo. IAPRL – Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais.

Dulce M^a. Platero García. Médica especialista en Medicina do Traballo. IAPRL – Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais.

Na parte técnica:

Autoría:

José Antonio Rodríguez Arribe. Técnico de Prevención. ISSGA - Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Iñaki Zubia Díaz. Técnico de Prevención. OSALAN – Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laborais.

M^a. Isabel García Leal. Técnico de Prevención. ICASST - Instituto Cántabro de Seguridade e Saúde no Traballo.

Diego Castro Balboa. Técnico de Prevención. ISSGA - Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Colaboraron:

Manuel Iglesias Fanjul. Técnico de Prevención. IAPRL – Instituto Asturiano de Prevención de Riscos Laborais.

Ángel Pereira Vado. Técnico de Prevención. Investigador de AZTI – Tecnalia.

José María Ferarios Lázaro. Técnico de Prevención. Investigador de AZTI – Tecnalia.

Xabier Aboitiz Goitia. Técnico de Prevención. Investigador de AZTI – Tecnalia.

Pedro Monzón Durán. Responsable de Seguridade e Saúde de AZTI - Tecnalia.

Ramón Sancho Piñeiro. Técnico de Prevención do SPM COAPRE-ARVI.

Rafael Coma Samartín. Técnico de Prevención de MUGATRA.

Coordinación:

Aitor Guisasola Yeregui. Médico especialista en Medicina do Traballo. OSALAN – Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laborais.

Supervisión:

José Rega Piñeiro. Técnico de Prevención. ISSGA - Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Pedro Pablo Uriarte Astarloa. Médico especialista en Medicina do Traballo. OSALAN – Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laborais.

José Antonio Vázquez Grueiro. Técnico de Prevención. OSALAN – Instituto Vasco de Seguridade e Saúde Laborais.

Índice

Introdución.....	7
Perspectiva do sector.....	9
Xustificación.....	20
Obxectivos.....	22
Alcance.....	24
Metodoloxía.....	26
Matrices de fases, tarefas, subtarefas e códigos de forma dos riscos.....	35
Palangre de fondo.....	36
Palangre de superficie.....	37
Cerco de altura.....	38
Arrastre por popa.....	39
Arrastre por popa (continuación).....	40
Arrastre á parella.....	41
Arrastre clásico.....	42
Arrastre tangoneiro.....	43
Fichas de exploración médica por riscos.....	44
Risco ergonómico.....	45
Manipulación manual de cargas, empuxe e arrastre con aplicación de forzas.....	46
Movementos repetidos, posturas forzadas e neuropatías por presión.....	47
Columna vertebral.....	49
Membro superior.....	50
Membro inferior.....	51
Posturas forzadas: bipedestación prolongada.....	52
Risco hixiénico.....	53
Ruído.....	54
Vibracións de corpo enteiro.....	55
Radiación ultravioleta (sol).....	57
Frío.....	58
Humidade.....	60
Calor.....	61
Dermatose.....	63
Asma ocupacional.....	64
Riscos de seguridade.....	65
Golpes/choques durante o embarazo.....	66
Risco psicosocial.....	67
Glosario.....	70
Bibliografía.....	77

NOTA:

USO DO MASCULINO EN REFERENCIA ÁS PERSOAS DE AMBOS OS SEXOS

O emprego neste escrito do masculino plural cando nos refiramos a mulleres e homes no traballo como colectivo non ten intención discriminatoria, senón que responde á aplicación da lei lingüística da economía expresiva e ao fin de facilitar a lectura o máximo posible, dada a abundancia de datos. Referirémonos explicitamente a traballadoras e traballadores cando a comparación entre ambos os sexos sexa relevante no contexto.

INTRODUCCIÓN



INTRODUCCIÓN

A pesca é unha realidade común intimamente ligada á vida social e económica do litoral Cantábrico Noroeste de España e, por ese motivo, as direccións dos Institutos de Seguridade e Saúde Laboral das comunidades autónomas galega, asturiana, cántabra e vasca acordaron desenvolver conxuntamente esta *Guía de Vixilancia da Saúde no sector pesqueiro* no ano 2010.

A Guía foise desenvolvendo en diferentes etapas. A primeira etapa, dirixida ás frots de baixura e artesanal, publicouse no outono do 2011. A segunda, que abordaba as actividades de marisqueo a pé, extracción de recursos específicos e as actividades auxiliares á pesca, fíxoo no outono do 2012, e a terceira, sobre as artes de altura e grande altura, que se presenta neste volume, faino neste momento, un ano despois. Queda aínda un último traballo. Nel tentará mostrarse como, utilizando esta Guía na realización da avaliación de riscos, pode conseguirse que a vixilancia da saúde dos traballadores sexa específica.

Atendendo aos principios da Lei de prevención de riscos laborais, a Guía desenvolve un modelo que permite chegar a dispoñer do coñecemento detallado do posto de traballo, describindo as fases, tarefas e subtarefas que o compoñen, e identificando deseguido os riscos ligados a cada unha delas. Trátase da fase previa á avaliación dos riscos, que é o proceso dirixido a estimar a magnitude daqueles que non se puideron evitar. Xa que logo, a Guía constitúese en orientación xeral para que se poida proceder a esta avaliación, que cómpre facer de forma particular en cada caso.

Coñecer a fondo os postos de traballo, baseándose na súa descrición detallada, e avaliar así os seus riscos permite determinar o contido específico da vixilancia da saúde dos traballadores que os ocupan, aos que se adaptará finalmente en función das súas características persoais. Todo isto é fundamental para comprender o modo en que as condicións de traballo afectan a saúde dos traballadores e para que o médico do traballo poida informar o empresario e as persoas con responsabilidades en materia de prevención das conclusións que se deriven dos recoñecementos efectuados en relación coa aptitude do traballador para o desempeño do posto de traballo, ou coa necesidade de introducir ou mellorar as medidas de protección e prevención co fin de que poidan desenvolver correctamente as súas funcións en materia preventiva.

Con este ánimo, a terceira parte da Guía aborda o traballo relativo ás artes de altura e grande altura, que se caracterizan por dedicarse á pesca en buques máis grandes, máis tecnificados e lonxe das nosas costas. A permanencia durante longos períodos en caladoiros remotos, compartindo labores con traballadores de nacionalidades diversas, e mesmo en países onde poden existir enfermidades endémicas e con climas moi diferentes ao noso son cuestións que cómpre ter en conta dende o punto de vista psicosocial e médico; e aínda que estes riscos non son alleos ao resto do sector, neste adquiren un acento diferente.

As matrices de fases, tarefas e subtarefas incluídas nesta parte da Guía destacan pola súa complexidade e o custoso da súa elaboración, mais poñémolas á disposición na confianza de que o traballo de quen as utilice sexa máis doado e abordable.

O desexo ao facer entrega desta terceira parte da *Guía de Vixilancia da Saúde no sector pesqueiro* é, como foi dende o seu inicio, o de que se constituía nunha ferramenta útil dentro do eido da prevención de riscos laborais.

PERSPECTIVA DO SECTOR



PERSPECTIVA DO SECTOR

Esta última parte da Guía de VS do sector da pesca está destinada ás artes de pesca de altura e grande altura. Seleccionáronse aquelas que teñen máis presenza nas 4 comunidades autónomas do Cantábrico Noroeste e que podemos clasificar en:

- Palangre:
 - Palangre de superficie (*Long line*)
 - Palangre de fondo (Pincho, pedra e bóla)
- Cerco de altura (Atuneiros)
- Arrastre
 - Arrastre por popa
 - Arrastre á parella
 - Arrastre clásico
 - Arrastre tangoneiro

O R.D. 543/2007, do 27 de abril, determina as normas de seguridade e prevención da contaminación que deben cumprir os buques pesqueiros menores de 24 metros de eslora (L), e establece a seguinte clasificación de buques de pesca, que é a que, pola súa vez, contempla a Guía Técnica para a aplicación do R.D. 1216/97, do 18 de xullo, sobre as “disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo a bordo dos buques de pesca”:

- a) Embarcacións de pesca local. Son as que exercen a súa actividade sen afastarse da costa máis de 10 millas.
- b) Embarcacións de pesca litoral. Son as que exercen a súa actividade dentro da zona comprendida entre o litoral e a liña de 60 millas paralela a este, e entre o paralelo 52° N e o 20° N.
- c) Buques e embarcacións de **pesca de altura**. Son os que exercen a súa actividade fóra da expresada liña de 60 millas e na zona comprendida entre os paralelos 60° N e 35° S e os meridianos 52° E e 20° O.
- d) Buques e embarcacións de **pesca de grande altura**. Son os que exercen a súa actividade sen limitación de mares nin distancias á costa fóra das zonas comprendidas anteriormente.

Esta clasificación dos buques pesqueiros establécese ao se aprobar o permiso de construción e é confirmada pola Administración Marítima ao efectuar o recoñecemento inicial previo á posta en servizo do buque.

Verbo das características das embarcacións dedicadas á **pesca de altura**, o feito de que pesquen durante varios días sen regresar ao porto e en caladoiros distantes coma Gran Sol (Illas Británicas), Hatton Bank (sur de Islandia) ou o banco canario-sahariano fai que o incremento en potencia, eslora e tonelaxe sexa moi importante, e existen embarcacións que alcanzan os 1.200 CV de potencia e superan os 30 metros de eslora. As artes de pesca empregadas son fundamentalmente palangre e arrastre.

As frots de **grande altura** compóñenas grandes embarcacións que chegan incluso a superar os 100 metros de eslora e os 7.500 CV de potencia, capaces de extraeren enormes cantidades de peixe en cada lance. Son “buques factoría”, cerqueiros ou arrastreiros conxeladores, con capacidades de pesca, transformación e almacenaxe de peixe moito maior, nos que se desenvolven procesos produtivos máis complexos.

A principal diferenza entre a pesca de altura e a de grande altura radica no feito de que os buques desta última poden pescar en todos os caladoiros do mundo, sen limitación de distancias e coa única premisa de posuíren licenza para facelo. Neste último caso, moitas empresas que se dedican a estas artes, malia seren de capital español e sendo a maioría da súa tripulación desta nacionalidade, precisan que os seus barcos enarboren o pavillón do país que ten os dereitos dos caladoiros onde pescan; podemos dicir, daquela, que a frota española se compón dos buques de bandeira propia e dos buques de bandeira de conveniencia ou obrigación, que necesitan para poder pescar en caladoiros pechados a buques doutras nacionalidades. Entre as especies descargadas destacan abadexo, acedía, atún, ollomol, rapante, pescada, lirio, bonito, lura, linguado, etc.

Nestas dúas artes de pesca aplícase unha tecnoloxía sofisticada. Estes barcos levan radares para detectar os bancos de peixes, así como a dirección e a velocidade á cal se desprazan. Tamén levan sonares para medir a importancia dos bancos detectados, e algúns incluso dispoñen de medios aéreos para localizar os bancos de peixes (helicópteros). A extracción mecánica está xeneralizada e, como xa se indicou, estes barcos son factorías flotantes que teñen capacidade para procesar as capturas, conxelalas, envasalas e elaborar subprodutos. Durante o procesado do peixe, este límpase, eviscérase e descabezase, e lamínase ou sálgase en función do destino comercial. Se o destino é para produto conxelado, os procesos son algo máis complexos, dependendo de se son barcos factorías onde se tora o peixe, se filetea, etc., ou onde soamente se conxela, para o cal dispoñen de instalacións frigoríficas a fin de conservar o peixe a bordo en perfectas condicións. En calquera caso, aínda que os procesos de traballo adoitan estar bastante mecanizados, a intervención manual é sempre previa.

A permanencia durante longos períodos en caladoiros remotos, con traballadores de nacionalidades diversas e en países onde poden existir enfermidades endémicas, engade aos riscos asociados aos perigos das técnicas de pesca e aos ligados ás condicións climáticas riscos psicosociais; entre estes os máis salientables son os vinculados coas relacións persoais dentro do barco ou co afastamento da familia durante longos períodos, sen esquecer os ataques de piratas dos que foron obxecto algúns buques que pescan nas costas do océano Índico.

OS TRABALLADORES

Segundo datos extraídos da oficina virtual da Seguridade Social relativos ao mes de maio do 2013, o número total de **traballadores** en situación de alta no Réxime Especial do Mar en España é de 54.249,59 persoas. Delas, 28.655,82 traballan nas comunidades autónomas do litoral Cantábrico Noroeste, o que supón algo máis da metade dos traballadores dedicados ao mar, a pesar de que nestes datos están incluídos todos os grupos de cotización (Táboa I).

Táboa I. Número de traballadores no Réxime Especial do Mar

DIRECCIÓNS PROVINCIAIS	Régime Especial do Mar		Total
CC.AA.	Cta. Allea	Cta. Propia	
Araba/Álava	0,00	0,00	0,00
Gipuzkoa	1.052,72	89,27	1.141,99
Bizkaia	2.686,18	110,04	2.796,22
PAÍS VASCO	3.738,90	199,31	3.938,21
A Coruña	3.242,04	2.517,54	5.759,58
Lugo	1.544,63	182,45	1.727,08
Ourense	0,00	0,00	0,00
Pontevedra	7.417,04	6.751,86	14.168,90
GALICIA	12.203,72	9.451,86	21.655,58
ASTURIAS	1.363,00	382,04	1.745,04
CANTABRIA	1.141,04	175,95	1.316,99
TOTAL	49.303,31	12.721,81	54.249,59

Fonte: elaboración propia a partir de datos relativos ao mes de maio do 2013 e obtidos de http://www.seg-social.es/Internet_I/Estadistica/Est/AfiliacionAltaTrabajadores/AfiliacionesAltaLaboral/Afiliaci_n_Media_mensual/Afiliados_medios_mes_por_CC.AA._y_provincias_seg_n_reg_menes/index.htm

Dentro destes afiliados diferenciamos os seguintes grupos, sendo os grupos de cotización I e II-A os que se dedicarían á pesca de altura e de grande altura:

- **Grupo I** (Régime 0811 conta allea e 0821 armadores asimilados a conta allea): comprende os traballadores por conta allea e asimilados a conta allea retribuídos a salario e os retribuídos á parte, que presten servizos en embarcacións dedicadas ao transporte marítimo ou traballen en embarcacións pesqueiras de máis de 150 toneladas de rexistro bruto e as súas empresas. Ademais dos citados anteriormente, aqueles que opten, de acordo cos seus empresarios, por cotizaren na mesma contía e forma que os retribuídos a salario.
- **Grupo II-A** (Régime 0812 conta allea e 0822 asimilados a conta allea): comprende os traballadores por conta allea e asimilados a conta allea retribuídos á parte, que presten servizos en embarcacións pesqueiras comprendidas entre 50,01 e 150 toneladas de rexistro bruto e as súas empresas.

- **Grupo II-B** (Régime 0813 conta allea e 0823 asimilados a conta allea): comprende os traballadores por conta allea e asimilados a conta allea retribuídos á parte, que presten os seus servizos en embarcacións pesqueiras comprendidas entre 10,01 e 50 toneladas de rexistro bruto e as súas empresas.
- **Grupo III** (CCC Régime 0814): comprende os traballadores por conta allea, retribuídos á parte, que presten servizos en embarcacións de ata 10 toneladas de rexistro bruto e as súas empresas, e os traballadores por conta propia ou autónomos (Régime 0825), incluídos os armadores de pequenas embarcacións, sempre que realicen o seu traballo a bordo como técnicos ou tripulantes, o número total destes, incluído o armador, non exceda de cinco e a embarcación non exceda de 10 toneladas de rexistro bruto.

Táboa 2. Resumo de distribución en grupos

RESUMO DISTRIBUCIÓN DOS TRABALLADORES EN GRUPOS SEGUNDO A SÚA ACTIVIDADE E, NA ACTIVIDADE DE PESCA, SEGUNDO A RETRIBUCIÓN E O TRB DAS EMBARCACIÓNS PESQUEIRAS			
GRUPO	ACTIVIDADE	RETRIBUCIÓN	TRB EMBARCACIÓN
GRUPO I	CALQUERA ACTIVIDADE MARÍTIMO-PESQUEIRA (ACUICULTURA, MARIÑA MERCANTE, ESTIBADORES PORTUARIOS...)	A SALARIO	
	PESCA	A SALARIO	
	PESCA	Á PARTE	> 150 TRB
GRUPO II A	PESCA	Á PARTE	> 50 ata 150 TRB
GRUPO II B	PESCA	Á PARTE	> 10 ata 50
GRUPO III	PESCA	Á PARTE	ata 10 TRB
	EXTRACCIÓN PRODUTOS DO MAR (ACUICULTURA, MARISCADORES, OUTROS)		
	REDEIROS		

Fonte: datos facilitados polo ISM con data do 7 de xuño do 2011.

Táboa 3. Datos de traballadores por grupo

TRABALLADORES EN SITUACIÓN DE ALTA NO REM CON ACTIVIDADE DE PESCA E ACUICULTURA SEGUNDO GRUPO DE COTIZACIÓN	
GRUPO	Nº DE TRABALLADORES
GRUPO I	8.432
GRUPO II A	5.898
GRUPO II B	7.613
GRUPO III	17.918
TOTAL	39.861

Fonte: datos facilitados polo ISM con data do 7 de xuño do 2011.

As singulares condicións de traballo dalgúns colectivos afiliados ao Réxime Especial da Seguridade Social do Mar fan necesaria unha regulación para a redución da idade mínima para causar a pensión de xubilación. Unha das actividades profesionais de natureza excepcionalmente perigosa e con elevados índices de sinistros é a pesca¹, onde se aplica un coeficiente redutor en función da actividade e tonelaxe do buque:

- Conxeladores, bacallaeiro e parellas de bacallaeiros, baleeiros: 0,40.
- Arrastreiros de máis de 250 toneladas de rexistro bruto (TRB): 0,35.
- Embarcacións pesqueiras maiores de 150 toneladas de rexistro bruto (TRB), non incluídas nos grupos anteriores: 0,30.

A FROTA

A actividade pesqueira dos buques está condicionada á súa inclusión no censo de buques de pesca marítima, no censo correspondente á súa modalidade ou pesqueira, caladoiro ou área, á obtención da licenza como documento inherente ao buque e, de ser o caso, ao permiso de pesca especial.

O réxime de xestión dos recursos complétase coa regulación das artes, aparellos, útiles ou instrumentos de pesca, o establecemento do tamaño ou peso das especies, a declaración de zonas de veda ou calquera outra medida que a conservación, protección e rexeneración dos recursos pesqueiros esixa para determinadas especies, pesqueiras ou caladoiros.

A Táboa 4 mostra o número total de buques censados. Considéranse “operativos” aqueles buques que na data de referencia estaban en situación de activos e asignados a un censo de modalidade de pesca.

Táboa 4. Censo frota pesqueira operativa distribución. Por intervalos de eslora total

INTERVALO DE ESLORA TOTAL	N.º BUQUES	ARQUEO GT	POTENCIA (KW)	TRIPULACIÓN	0 - 10 ANOS	10-20 ANOS	20-30 ANOS	>= 30 ANOS
>= 0 e < 10	6.637	10.743,62	114.359,15	12.695	12,34	11,33	22,68	53,65
>= 10 e < 12	708	4.840,10	37.119,46	2.370	21,75	39,41	17,94	20,90
>= 12 e < 15	753	10.012,73	55.725,63	3.299	20,85	44,75	21,65	12,75
>= 15 e < 18	428	12.680,85	48.880,58	2.923	25,00	42,52	21,26	11,21
>= 18 e < 24	738	44.988,68	141.801,54	5.981	34,42	41,33	17,07	7,18
>= 24 e < 30	452	64.481,29	138.748,61	4.727	28,32	55,53	10,40	5,75
>= 30 e < 36	199	51.773,95	88.044,70	2.850	31,66	54,27	9,05	5,03
>= 36 e < 42	89	33.894,24	49.949,26	1.388	42,70	48,31	5,62	3,37
>= 42	112	151.380,27	197.327,85	2.535	32,14	22,32	35,71	9,82
TOTAL XERAL	10.116	384.795,73	871.956,78	38.768	17,36	22,56	20,98	39,11

Fonte: SECRETARÍA XERAL DE PESCA. DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN PESQUEIRA. SITUACIÓN A DATA DE 31/12/2012.

¹ Apartado 3 do artigo 37 do texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño.

A táboa 5 mostra o número total de buques censados nas comunidades autónomas do Cantábrico Noroeste en comparación coas do territorio nacional.


Táboa 5. Censo da frota pesqueira operativa distribuída por autonomías

AUTONOMÍA	BUQUES	TOT GT	TOT KW
ANDALUCÍA	1.604	44.574,58	131.246,69
ILLES BALEARS	393	3.765,91	21.437,51
CANARIAS	858	22.018,42	53.463,57
CANTABRIA	139	8.502,78	20.877,15
CATALUNYA	897	23.039,29	102.398,69
CEUTA	30	11.074,81	14.416,94
GALICIA	4.843	164.484,41	298.853,18
MURCIA	210	3.320,97	12.538,68
PAÍS VASCO	227	78.449,78	130.247,09
PRINCIPADO DE ASTURIAS	304	7.207,68	20.321,27
VALENCIA	611	18.357,10	66.156,00
TOTAL	10.116	384.795,73	871.956,77

Fonte: DATOS FACILITADOS POLA SECRETARÍA XERAL DE PESCA. DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN PESQUEIRA. SITUACIÓN A DATA DE 31/12/2012.

As 4 comunidades concentran o 54 % da frota pesqueira do territorio español; en detalle, Galicia, o 48 %; Asturias, o 3 %; País Vasco, o 2 % e, finalmente, Cantabria, o 1 % (Figura 1).

Figura 1. Censo frota pesqueira operativa en Galicia, Cantabria, País Vasco e Principado de Asturias



Na táboa 6 móstrase o censo de buques de pesca a data de 31-12-2012 no territorio español, segundo a modalidade da pesca.

Táboa 6. Distribución por modalidade

MODALIDADE	BUQUES	ARQUEO GT	TOTAL (KW)	TRIPUL	0-10 anos	>10-20 anos	>20-30 anos	>=30 anos
CALADOIRO NACIONAL								
ARRASTRE	921	68.796,50	180.860,83	5.564	36,84	44,8	10,9	7,37
ARTES MENORES	7.782	26.384,48	196.272,66	17.242	18,79	37,76	19,8	23,65
CERCO	624	34.119,99	121.989,70	6.749	22,66	55,17	14,12	8,04
CERCO ATÚN VERMELLO	6	1.608,00	5.843,38	78	0	100	0	0
PALANGRE DE FONDO	157	3.879,93	15.373,06	735	21,85	53,58	14,47	10,09
PALANGRE SUPERFICIE	148	16.867,40	27.985,23	1.419	16,62	74,92	8,32	0,14
RASCO	32	1.228,65	3.727,23	175	26,02	56,64	16,93	0,41
VOLANTA	53	3.036,07	7.008,07	399	8,23	71,14	19,54	1,09
TOTAL	9.723	155.921,02	559.060,79	32.361	27,1	50,53	13,06	9,31
CALADOIROS UE								
ARASTRE	74	22.379,76	30.207,33	859	45,49	53,16	1,35	0
ARTES FIXAS	69	17.513,59	26.465,34	1.083	46,52	38,98	9,83	4,67
TOTAL	143	39.893,35	56.672,67	1.942	45,94	46,93	5,07	2,05
CALADOIROS INTERNACIONAIS								
ARRASTRE	108	73.454,88	94.821,92	2.160	22,65	29,6	42,92	4,84
ATUNEIROS CERQUEIROS CONXELADORES	32	79.014,88	111.519,31	674	29,98	26,93	31,16	11,93
PALANGRE DE FONDO	3	381,05	600,74	42	0	91,17	0	8,83
PALANGRE DE SUPERFICIE	94	35.224,47	47.000,45	1.517	47,35	28,18	22,41	2,06
TOTAL	237	188.075,28	253.942,42	4.393	30,31	28,33	34,05	7,31
SEN CALADOIRO ASIGNADO								
SEN MODALIDADE ASIGNADA	13	906,08	2.280,89	72	77,37	0	0,99	21,65
TOTAL XERAL	10.116	384.795,73	871.956,77	38.768	30,74	39,19	22,46	7,61

Fonte: DATOS FACILITADOS POLA SECRETARÍA XERAL DE PESCA. DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN PESQUEIRA. SITUACIÓN A DATA DE 31/12/2012.

AS ARTES

Palangre

Esta arte de pesca consiste nunha liña principal da que penduran outros ramais que levan anzois nos seus extremos. Dependendo da forma en que se instale a liña de anzois, mediante a utilización de boias ou flotadores —con ou sen pesos, que se usan para determinar a posición da liña con respecto do fondo—, distínguense varios tipos de pesca, que son os que se explicarán máis adiante. A lonxitude máxima da tralla, ou cabo madre, e o número máximo de anzois por operación de pesca ou lance, é dicir, as características técnicas destes aparellos, axústanse ao disposto polas diferentes Organizacións Rexionais de Pesca (ORP) coas que traballe cada buque e vén regulado na normativa por caladoiro, especie e tipo de pesca.

Palangre de superficie (*Long line*)

Neste método, a tralla está suxeita a boias en cada extremo e a flotadores a intervalos regulares ao longo do cabo. En xeral, esta técnica depende de que se afunda a liña principal polo seu propio peso para alcanzar a profundidade desexada.

Os anzois van cebados con especies de escaso valor, como sardiñas, xardas, luras, etc. en función da especie que se desexa capturar. Normalmente, o engado úsase enteiro, agás nas especies máis grandes, que se tallan en anacos. Tradicionalmente, o cebado realizábase manualmente, pero na actualidade empréganse sistemas mecánicos que axilizan a manobra para largar a liña.

Os buques dedicados a esta arte largan o aparello pola popa e cóbrano normalmente polo costado de babor no pozo do halador, que é onde se despescan e sacrifican as capturas. A pesca con palangre está considerada como a pesca máis selectiva, porque utiliza anzois cebados de distintos tamaños en función da especie á que se dirixe. O aspecto e o estado de conservación dos exemplares pescados con palangre son dos mellores, xa que esta arte non lles fai mal as capturas, que acadan un elevado valor no mercado pola súa calidade.

Os pescadores españois foron os precursores desta arte de pesca no século XIX. Dende aquela, a frota palangreira vén pescando nas augas nacionais e internacionais do océano Atlántico e do Mediterráneo. A frota palangreira de superficie naceu para pescar peixe espada, mais debido a que nos últimos anos se produciron importantes desequilibrios de prezos no mercado internacional as capturas de especies denominadas “asociadas”, fundamentalmente tiburóns tigre e marraxos, veñen adquirindo unha importancia crecente na rendibilidade desta frota. Por outra banda, por mor das regulacións establecidas para o peixe espada no seo da Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (ICCAT), a frota palangreira de superficie veuse obrigada a ampliar a súa actividade a caladoiros do océano Pacífico e Índico, converténdose nun dos subsectores máis dinámicos en canto á súa adaptabilidade técnica e busca de caladoiro. A mediados dos anos 80, as capturas asociadas á pesqueira de palangre española representaban o 10 % do valor en primeira venda por marea, alcanzando hoxe en día o 50 % de este valor. Na actualidade a frota palangreira conta con algo máis de 400 buques (Táboa 6).

Palangre de fondo (*Pincho, pedra e bóla*)

Neste tipo de arte emprégase un aparello fixo de pesca formado por un cabo denominado madre do que penden a intervalos outros cabos máis finos, chamados brazoladas, aos que se lles empatan ou se fan firmes anzois de distintos tamaños. Nos extremos, e ao longo do cabo madre, van dispostos os necesarios elementos de ancoraxe e flotación que permiten manter os anzois

en profundidade. Polo xeral, o aparello cálese á noite e levántase ao raiar o sol, ou mesmo antes, para evitar que os grandes preeiros (crustáceos e cangrexos de fondo) acaben cos peixes que picaron nos anzois depositados no fondo.

As especies obxectivo deste tipo de arte son una gran variedade de especies bentónicas e demersais (aquelas que pasan a maior parte da súa vida en ou preto do fondo mariño), incluíndo bacallaus, abadexos e peixes planos, coma linguados ou platuxas.

Cerco de altura (Atuneiros)

Con máis de 100 m de eslora, son os barcos máis grandes e custosos de entre os que se dedican á pesca. Como se deduce do seu nome, a súa única actividade é a pesca do atún na franxa tropical de todos os océanos do mundo mediante redes de cerco. A técnica consiste en, unha vez descuberto o cardume, arrodealo cunha gran rede que se fai firme cunha pesada e potentísima barcaza de aceiro chamada panga. Estes atuneiros poden conxelar e almacenar ata 200 toneladas/día nas súas cubas de conxelado de 2000 e ata 3000 m³ de capacidade.

Salvo por avaría ou carena, estes buques apenas teñen un período de descanso. Os buques chamados nutriz encárganse de atender ás súas necesidades, aos cambios de tripulación e de recoller o atún para levalo á factoría. Os atuneiros máis grandes e máis abundantes teñen a súa orixe en Bermeo e foron construídos en estaleiros de España.

A identificación é sinxela: trátase dun buque estilizado, coa proa lanzada e unha popa en forma de rampla por onde sobe a panga, que é onde se estiba mentres non está tirando da rede. Ten un gran pau central cunha cofa dende onde se vixía a presenza do atún e un puntal encostado a el que soporta a pasteca hidráulica ou yo-yo que arrastra a rede á cuberta.

Na cuberta maxistral, sobre a ponte, ten unha plataforma para a aterraxe do helicóptero. Este helicóptero é o encargado de descubrir os bancos de atún, aínda que hoxe en día se empregan técnicas máis eficientes e menos custosas.

Arrastre (Por popa, á parella, clásico, tangoneiro)

As especies obxectivo destes buques son unha gran variedade de especies bentónicas e demersais.

Este tipo de buque é o máis numeroso e, como o seu nome indica, o seu procedemento de pesca é mediante o arrastre dunha gran rede. Esta rede é tirada por un barco, ou á parella con outro arrastreiro. Actualmente hai algúns que tiran de dous e ata tres redes, o que esixe dispoñer dunha gran potencia. A pesca con artes de arrastre é unha das máis estendidas, tanto a nivel internacional coma no caladoiro nacional. Aproximadamente un 40 % das capturas mundiais realízanse mediante o arrastre de fondo ou outras artes que entran en contacto co fondo oceánico.

Esta arte é un tipo de arrastre de profundidade que ten dúas portas rectangulares que teñen como función manter a boca do embude aberta de forma horizontal en canto a rede é arrastrada polo fondo. A apertura vertical é mantida por una relinga de pesos no fondo e outra de flotadores na parte superior. O bordo inferior da abertura da rede é arrastrado polo fondo do mar coa axuda de bobinas, roletes ou bolos que poden rodar sobre o fondo, espetarse, ou saltar obstáculos.

Hai dous tipos básicos, os clásicos e os de popa aberta, coas seguintes características:

- Os clásicos teñen unha popa redonda e a habilitación, ponte, etc. van dende a popa deica aproximadamente a metade do barco. A partir de aí, cara á proa, están os carreteis de tiro, un guinche que iza o peixe e o resto de elementos e maquinillas. Non é habitual no noso país.
- A principal característica dos arrastreiros de popa aberta, que fai moi fácil a súa identificación, é a popa en forma de rampla pronunciada; ao final desta atópanse os guinches. Na popa, unha estrutura en forma de ponte, chamada pau de pastecas, encárgase de guiar os cables da rede. Algúns arrastreiros de popa aberta teñen unha segunda ponte máis á proa, que se utiliza para levantar a rede e descargar a pesca. Son os máis importantes en número.

Todos os arrastreiros entran, ademais, nunhas subclasificacións segundo sexan tangoneiros, conxeladores, factoría e ao fresco.

Os tangoneiros son buques arrastreiros que levan dous apéndices, un a babor e outro a estribor, que están articulados para abrílos cando é preciso que as redes teñan unha maior superficie de recollida. Dedicáanse á pesca de marisco, camarón e gamba. Os conxeladores son aqueles buques preparados para conxelar e que fan longas campañas, namentres que os arrastreiros ao fresco non conxelan e regresan ao porto cada poucos días. Os buques factoría procesan o peixe e neles límpase, empaquétase e conxélase.

XUSTIFICACIÓN



XUSTIFICACIÓN

Esta terceira, e derradeira, parte da *Guía de vixilancia da saúde no sector pesqueiro* pretende, como as dúas anteriores, mellorar a calidade da práctica da vixilancia específica da saúde dos traballadores que se dedican ás artes de pesca de altura e grande altura; unha vixilancia ligada ás condicións de traballo e ás consecuencias que estas teñen sobre a súa saúde.

A Lei de prevención de riscos laborais establece os principios xerais aos que se deben someter a seguridade e saúde no traballo e constitúe a súa base normativa. A súa entrada en vigor supuxo, entre outros logros, a necesaria extensión a todos os traballadores das actividades preventivas no ámbito laboral; a súa aplicación no sector pesqueiro significa igualar os seus traballadores, tanto os que embarcan como os que non o fan, cos traballadores do resto dos sectores produtivos da nosa sociedade. A lei establece que o empresario debe garantir que a vixilancia da saúde se leva a cabo en función dos riscos inherentes ao traballo.

No sector pesqueiro, as persoas que embarcan están sometidas á consecución dunha habilitación para o desempeño das súas tarefas laborais. Esta habilitación adoita ir unida á superación de recoñecementos médicos previos e periódicos que lle permiten ao traballador seguir realizando a súa función, ao tempo que garanten que as condicións psicofísicas do solicitante son compatibles coas características do posto de traballo e non supoñen perigo para a saúde e a seguridade do individuo nin do resto da tripulación. A realización destes recoñecementos médicos necesita ser complementada mediante a práctica do resto da serie de actividades que comprenden a vixilancia da saúde, tal e como se recolle no artigo 22 da Lei de prevención de riscos laborais.

Esta *Guía de vixilancia da saúde* achega coñecemento sobre os danos que se poden derivar do desempeño do traballo na pesca de altura e grande altura, así como sobre as súas causas asociadas, e proporciona unha ferramenta para que aqueles que se dedican á vixilancia da saúde destes traballadores poidan detectar eses danos, identificar o axente que os causa e propoñer, xunto cos demais técnicos de prevención, as solucións preventivas precisas. Esta necesidade e obrigação vese reforzada polas longas permanencias no mar inherentes a este tipo de pesca.

A vixilancia colectiva da saúde adquire, neste caso, un valor esencial. O estudo dos datos de forma colectiva permite identificar a orixe dos danos e fai posible avaliar a efectividade, eficacia e eficiencia tanto das probas médicas que se utilizan para o diagnóstico das patoloxías estudadas como das medidas adoptadas para evitar a súa aparición.

A Guía, fiel aos principios que orientan as actividades preventivas sanitarias que realizan os servizos de prevención, parte do coñecemento detallado do posto de traballo e dos riscos asociados ao seu desempeño, orienta sobre o modo de realizar a descrición dos postos de traballo e establece a base para facer a avaliación de riscos propia de cada posto e de cada barco.

Velaquí o espírito que inspira a elaboración desta Guía; o seu maior valor reside na colaboración de técnicos de prevención, médicos e enfermeiros do traballo, base da vixilancia específica da saúde dos traballadores.

Esperamos que, como as anteriores partes da Guía, esta terceira, que agora poñemos á súa disposición, se utilice en beneficio de traballadores e empresarios no eido da prevención de riscos laborais.

OBXECTIVOS



OBXECTIVOS

O obxectivo primordial da *Guía de vixilancia da saúde no sector pesqueiro* é, en todo momento, ofrecer unha correcta orientación e instrumentos para implantar de forma adecuada a vixilancia específica da saúde dos traballadores deste sector, de tal xeito que se poida garantir o seu dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.

A terceira parte —e última— da Guía ten, concretamente, como obxectivo ofrecer esta orientación e instrumentos en relación ás artes de pesca de altura e grande altura, de modo que se poida vixiar a saúde dos traballadores dedicados a elas.

Inclúese, xaora, a perspectiva de xénero como elemento indispensable da vixilancia da saúde, orientando a práctica desta actividade preventiva durante os períodos de embarazo, parto recente e lactación, principalmente polo que se refire á carga física no traballo e ás condicións de seguridade.

Como nas dúas publicacións anteriores, tamén é finalidade desta Guía fornecer ferramentas que faciliten a avaliación de riscos, dado que esta é un elemento imprescindible para lograr que a vixilancia da saúde sexa específica. Neste caso que nos ocupa, adquiren maior importancia os riscos de seguridade, os factores de risco psicosocial e os derivados de condicións climáticas complicadas.

ALCANCE



ALCANCE

A vixilancia específica da saúde dos traballadores debe partir do coñecemento dos riscos laborais aos que estes están expostos e, xa que logo, debe centrarse nos problemas de saúde que se poden derivar dos devanditos riscos para poder dar unha resposta preventiva que permita evitalos.

Dende o seu inicio, a *Guía de vixilancia da saúde no sector pesqueiro* tomou o seu punto de partida no desenvolvemento do concepto de “vixilancia da saúde” e puxo o seu acento en despregar cada unha das actividades que a área sanitaria dos servizos de prevención ten encomendadas baseándose na nosa normativa de riscos laborais.

Non é correcto avaliar o risco dunha forma xenérica. A enorme diversidade no aparello e armado dos buques de pesca e as diferenzas que poden existir mesmo entre barcos semellantes impiden, doutra banda, facelo. Por esa razón, esta Guía presenta un modelo para realizar a avaliación de riscos dos barcos, ofrecendo un instrumento que permite localizar o risco para que poida ser recoñecido e medido. Enténdese que facelo así achega un plus de rigorosidade ao usuario da Guía.

Partindo da suposición de que calquera dos perigos asociados á actividade pode converterse en risco pola exposición a el, e sen ter en conta a súa magnitude, a Guía establece cales serían os protocolos de vixilancia da saúde aplicables en cada caso e orienta sobre o tipo de probas e exploracións médicas que se poden utilizar, sen menoscabo da ampliación destas a criterio do facultativo.

Do mesmo xeito que no caso da avaliación de riscos, cómpre subliñar que **a vixilancia da saúde non se pode derivar da asignación xenérica dunhas probas médicas** determinadas aos traballadores encadrados nun grupo de tarefas. Para decidir como se levará a cabo a vixilancia da saúde dos tales traballadores é necesario coñecer a descrición detallada do seu posto de traballo, os riscos aos que están expostos e a súa magnitude, o tempo de exposición e as medidas preventivas adoptadas, tal e como se recolle no artigo 37.3 do Regulamento dos servizos de prevención.

A Guía, en consecuencia, dedícalle unha parte do seu contido á descrición dos postos de traballo en función das diferentes modalidades de pesca e das tarefas e subtarefas das que constan, detallando os **riscos** asociados. A **avaliación de riscos** deberá ser coñecida en cada caso particular polo usuario da Guía, quen debe definir a aplicación das probas médicas que sexan máis adecuadas en cada ocasión.

Esta terceira parte da Guía está dirixida á vixilancia da saúde dos traballadores das frotas de altura e grande altura que se dedican ás artes de:

	Palangre de superficie (<i>Long line</i>)
	Palangre de fondo (Pincho ou pedra e bóla)
	Cerco de altura (Atuneiros)
	Arrastre por popa
	Arrastre á parella
	Arrastre clásico
	Arrastre tangoneiro

METODOLOGÍA



METODOLOXÍA

Esta terceira parte da *Guía de vixilancia da saúde no sector pesqueiro* segue a mesma metodoloxía que as dúas anteriores, desenvolvendo instrumentos para implantar de forma axeitada a vixilancia da saúde dos traballadores no sector pesqueiro.

As premisas deste traballo esixen en todo momento:

- ✓ O traballo multidisciplinar de sanitarios e técnicos de prevención no desenvolvemento desta Guía.
- ✓ A especificidade da vixilancia da saúde laboral.

Tal e como se expuxo no apartado de alcance desta Guía, a vixilancia específica da saúde dos traballadores debe partir do coñecemento dos riscos laborais aos que os tales traballadores están expostos e debe centrarse nos problemas de saúde que se poden derivar deles para poder dar unha resposta preventiva que permita identificalos precozmente.

Para elaborar a **identificación de riscos** que se presenta e que pretende servir de orientación no traballo da avaliación de riscos, seguíronse os mesmos pasos que xa se estableceron para as dúas partes previas da Guía, e que son os seguintes:

- Agrupación por elementos comúns
- Elección da frota
- As artes de pesca
- Fases, tarefas e subtarefas
- Códigos de Forma dos Riscos no Buque
- Matriz de fases, tarefas, subtarefas e códigos de forma dos riscos

■ **Agrupación por elementos comúns**

Hai que partir do feito de que existen grandes diferenzas entre buques (eslora, arqueo, etc.), entre diversas e variadas artes de pesca, e tamén de que, en función da súa localización territorial, as características dos portos son distintas. Esta enorme variabilidade fai recomendable establecer agrupacións que se basean en elementos comúns para poder traballar.

A distancia da costa á que traballan os barcos e o tipo de pesca asociado a esa distancia permite realizar unha primeira agrupación, dado que tanto os buques como as artes de pesca utilizadas veñen relacionados por estes determinantes. Así, estableceuse unha primeira agrupación en función do tipo de frota:

- Artesanal
- Baixura
- Altura
- Grande altura

Sen esquecermos que existen ademais modalidades de pesca non embarcadas, así como traballadores empregados en tarefas auxiliares.

■ Elección da frota

O gran número de modalidades de pesca que se inclúen en cada unha das frotas fixo que o grupo de traballo desta Guía decidise abordala de modo secuencial. En primeiro lugar centrouse na frota artesanal e de baixura, baseando esta elección en que estas frotas son as que maior número de persoas empregan e os pescadores que traballan neste tipo de embarcacións artesanais teñen menos sistematizado o seu sistema de protección da saúde.

A segunda parte orientouse ás artes extractivas e actividades relacionadas coa pesca, entre as que se incluíu o marisqueo a pé, a extracción de recursos específicos e as actividades auxiliares á pesca, nas cales a participación da muller ocupa un lugar destacado.

Nesta terceira e última parte da Guía estúdanse a frota de altura e grande altura.

■ As artes de pesca

Malia existiren elementos comúns coas outras flotas, a de pesca de altura e grande altura presenta as súas peculiaridades; de feito, é necesario volver clasificala en función das artes coas que traballan.

A frota de altura e grande altura dedícase principalmente ás seguintes artes:

- Palangre:
 - de superficie (*Long line*)
 - de fondo (Pincho, pedra e bóla)
- Cerco de altura (Atuneiros)
- Arrastre
 - por popa
 - á parella
 - clásico
 - tangoneiro

■ Fases, tarefas e subtarefas

Todos os traballos que se realizan na pesca son susceptibles de seren subdivididos en fases, tarefas e subtarefas, que se definen da seguinte forma:

- **Fase:** refírese a cada unha das etapas que os tripulantes teñen que realizar como grupo en función da manobra que se efectúa nese momento (ex.- navegación a caladoiro, captura, etc.).
- **Tarefa:** refírese á primeira división de cada unha das fases de traballo (ex.- na fase de captura temos, entre outras, as tarefas de largada e recollida do aparello).
- **Subtarefa:** refírese a cada un dos traballos secuenciados que forman parte de cada unha das tarefas (ex.- na fase de captura, temos a tarefa da largada do aparello e dentro desta tarefa, entre outras, as subtarefas de largada de boias, largada de equipamento de ancoraxe, etc.).

Na elaboración desta parte do traballo tentouse homoxeneizar, na medida do posible, as fases, tarefas e subtarefas de cada arte buscando a identificación de bloques semellantes e a súa agrupación para un tratamento máis doado da información xerada.

Con esta estratexia lógrase facer un seguimento global de todo o traballo que se realiza na pesca, sen deixar de lado ningunha das operacións previas ao embarque, do traballo a bordo e do desembarque que levan a cabo os pescadores. É unha forma de traballo que esixe un esforzo de detalle que lle permite ao usuario desta Guía ter unha fotografía fiel da realidade.

■ Traballadores

O traballo realízano as persoas e as tarefas e subtarefas de cada fase lévanas a cabo en función da súa especialización profesional. De todas as maneiras, é ben sabido que nun buque de pesca de altura ou grande altura algunhas operacións as efectúan todos os tripulantes, mentres que outras son de atribución exclusiva en función das diferentes titulacións a bordo. Por esta razón, decidiuse definir oito grupos de traballadores, dependendo de se as tarefas e subtarefas de cada fase as realizan de forma indistinta ou de forma exclusiva uns ou outros, o que permite identificar a persoa na súa actividade laboral, pois a ela se dirixe a vixilancia da saúde. A clasificación resultante é a seguinte:

- **TT:** Responsabilidades de “toda a tripulación”
- **PA:** Responsabilidades exclusivas do “patrón”
- **MO:** Responsabilidades exclusivas do “motorista”
- **MA:** Responsabilidades exclusivas do “mariñeiro”
- **ENG:** Responsabilidades exclusivas de “engraxador”
- **CO:** Responsabilidades exclusivas de “cociña” (cociñeiro, marmitón e camareiro)
- **CTR:** Responsabilidades exclusivas de “contramestre”
- **PG:** Responsabilidades exclusivas de “pangueiro”

Esta división faise con todas as matizacións precisas, porque en moitas tarefas e subtarefas se esvae a responsabilidade exclusiva para xeneralizarse en función da situación da embarcación. Xa que logo, esta é unha cuestión que debe ser tida en conta por quen, utilizando os instrumentos que facilita a Guía, realiza a avaliación de riscos de cada posto de traballo en cada barco.

Verbo da vixilancia específica da saúde dos traballadores este método de traballo proporciona unha gran vantaxe, xa que permite coñecer de forma detallada o posto de traballo do traballador a quen se lle realizará a vixilancia da saúde. Ao proporcionar o detalle de qué fai o traballador, onde o fai, como o fai, con que o fai, cando e durante canto tempo o fai, respóndese ao que o artigo 37.3 do Regulamento dos servizos de prevención indica acerca da historia clínico-laboral do traballador, é dicir, á **descrición detallada do posto de traballo**, indispensable para coñecer a forma en que os factores de risco, debidamente avaliados, actúan sobre os traballadores.

Este coñecemento é fundamental para comprender o modo en que as condicións de traballo afectan a saúde dos individuos e para que o médico do traballo poida informar o empresario e as persoas con responsabilidades en materia de prevención das conclusións que se deriven dos recoñecementos efectuados en relación coa aptitude do traballador para o desempeño do posto de traballo, ou coa necesidade de introducir ou mellorar as medidas de protección e prevención co obxecto de que a súa aplicación en materia preventiva sexa a máis correcta posible.

■ **Códigos de Forma dos Riscos no Buque**

Coñecidas as tarefas e subtarefas de cada fase de traballo en cada unha das modalidades de pesca, cómprenos coñecer os riscos que se poden producir no seu desempeño. Para iso se definiu o que se denomina **Códigos de Forma dos Riscos no Buque**.

Pátese inicialmente dunha variante realizada no marco do Plan Integral para a Prevención de Riscos Laborais no Sector Pesqueiro da Comunidade Autónoma de Euskadi (ITSASPREBEN) sobre os Códigos de Riscos do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT), na que se efectúan, pola súa vez, algúns cambios para adaptar estes códigos á realidade da Guía, subdividindo algúns dos ítems e engadindo outros para poder definir con maior precisión a situación.

Os códigos que se modifican e engaden son os relacionados con:

- Exposición a riscos termohigrométricos
 - Exposición a calor intensa
 - Exposición a frío intenso
 - Exposición a condicións de humidade inadecuada
- Exposición a radiacións
 - Exposición a radiación solar
 - Exposición a radiacións emitidas polos equipos
- Riscos ergonómicos
 - Empuxes e arrastres
 - Posturas forzadas
 - Movementos repetitivos
 - Manipulación manual de cargas
- Persoas especialmente sensibles
- Maternidade
- Menores
- Caída ao mar (home á auga)

O cadro definitivo de códigos é o que se presenta deseguido:

Riscos Código de Forma	
1	Caídas a distinto nivel
2	Caídas ao mesmo nivel
3	Caídas de obxectos por esborrallamento ou derruba
4	Caídas de obxectos en manipulación
5	Caídas de obxectos desprendidos
6	Pisadas sobre obxectos
7	Choques contra obxectos inmóviles
8	Choques contra obxectos móbiles
9	Golpes, cortes e picadas con obxectos ou ferramentas
10	Proxección de fragmentos de partículas
11	Atrapamento por ou entre obxectos
12	Atrapamento por envorco de equipos de traballo e vehículos
13	Asfixia por gases ou vapores
14	Exposición a riscos termohigrométricos
14.1	Exposición á calor intensa
14.2	Exposición ao frío intenso
14.3	Exposición a condicións de humidade inadecuadas
15	Contactos térmicos
16	Exposición a contactos eléctricos
17	Exposición a substancias nocivas
18	Contactos con substancias cáusticas
19	Exposición a radiacións
19.1	Exposición a radiación solar
19.2	Exposición a radiación de equipos
20	Explosións
21	Incendios
22	Accidentes causados por seres vivos (mordeduras, picaduras...)
23	Atropelos ou golpes con vehículos
24	In itinere
25	Causas naturais (infartos, embolias...)
26	Riscos ergonómicos
26.1	Empuxes e arrastres
26.2	Posturas forzadas
26.3	Movementos repetitivos
26.4	Manipulación manual de cargas
27	Riscos psicosociais
28	Caída ao mar
29	ES- especialmente sensibles
30	MA- maternidade
31	ME- menores
32	Por axentes químicos
33	Por axentes físicos
33.1	Exposición a ruído
33.2	Exposición a vibracións
34	Por axentes biolóxicos
35	Riscos por PVD ou condicións de iluminación

O coñecemento dos “códigos de forma” é un instrumento que se pode empregar para clasificar os riscos asociados a estes, dado que se alude á súa causa, e é un paso previo para a súa avaliación.

■ Matriz de fases, tarefas, subtarefas e códigos de forma dos riscos

Para determinar as circunstancias nas que se poden producir os riscos, crúzanse o resultado da división das fases, tarefas, subtarefas e as atribucións profesionais cos **Códigos de Forma dos Riscos no Buque**, dando lugar á creación dunhas táboas ou matrices onde cada unha das devanditas subtarefas se pode asociar a un código de forma dos riscos no buque.

Utilizando esta matriz, e baseándose en traballos previos realizados polo ISSGA no seu Plan VIXÍA e por OSALAN no marco de ITSASPREBEN, asígnanse os códigos de forma asociados a cada subtarefa.

Trátase dun traballo complexo que obriga a reconsiderar e reordenar algunhas fases, tarefas e subtarefas, pero que serviu, asemade, para ter en conta as peculiaridades que ten cada unha das artes nas diferentes comunidades autónomas. O resultado final é a obtención dun esquema común para todo o sector, que axuda a que cada barco, cada posto de traballo, sexan avaliados.

As matrices de fases, tarefas, subtarefas e códigos de forma dos riscos atópanse desenvolvidas no seu correspondente apartado da Guía.

Vixilancia da saúde

	Todo o embarazo; malia que canto máis avanzada a xestación máis posibilidades de traumatismo uterino, fetal ou placentario. Nun embarazo único, ata a 12.^a semana o útero está dentro da pelve e daquela máis protexido que en semanas posteriores. No último trimestre a parede uterina é máis delgada e diminúe a protección fetal. O risco de transfusión fetomaterna aparece arredor da semana 12.^a e o de desprendemento de placenta aproximadamente na semana 20.^a.
	Listaxe indicativa de tarefas de risco
	Golpes por un obxecto, caídas a distinto ou mesmo nivel, condución de vehículos Falta de espazo; limpeza e orde inadecuadas Presenza de máquinas e equipos con partes móbiles e sen protección Ritmo de traballo elevado Traballos que requiran equilibrio Lugares moi concorridos ou masificados Exposición a frecuentes sacudidas Escurregadas

RISCO PSICOSOCIAL



RISCO PSICOSOCIAL	
	Posibles danos
	Trastornos do humor: Episodio depresivo, trastorno depresivo recorrente, trastornos do humor recorrentes, outros trastornos do humor, trastorno do humor non especificado.
	Trastornos neuróticos, trastornos relacionados co estrés e trastornos somatomorfos: Trastornos fóbicos de ansiedade, outros trastornos de ansiedade, trastorno obsesivo-compulsivo, reacción a estrés grave e trastornos de adaptación, trastornos dissociativos (de conversión), trastornos somatomorfos, outros trastornos neuróticos.
	Esgotamento emocional ou <i>burnout</i>
	Adiccións
	Durante o embarazo: o aumento de alteracións físicas e psíquicas por mor da realización de traballo por quendas e do traballo nocturno, da duración da xornada laboral, falta de control do ritmo de traballo e exposición a axentes estresantes (esixencias posturais, esforzo físico, etc.) poden xerar preeclampsia, baixo peso ao nacer, morte fetal...
	Exame de saúde
	Anamnese e exploración específica
	Inicio
	General Health Questionnaire de 12 ítems (GHQ-12): No caso de puntuacións superiores a 2: realizar un diagnóstico de orientación
	Diagnóstico de orientación
	Entrevista aberta dirixida
	Instrumentos complementarios á entrevista: Cuestionario PRIME-MD Entrevista estruturada MINI (MINI INTERNATIONAL NEUROPSYCHIATRIC INTERVIEW) Cuestionario MBI-GS (Maslach Burnout Inventory, en caso de sospeita de <i>burnout</i>) Ante sospeita ou referencia de consumo: Recolle referencia de autoconsumos. Instrumentos complementarios en consumo de alcol: CAGE, AUDIT
	Identificación de factores de risco psicosocial
	Entrevista para a identificación do risco psicosocial: Baseada no modelo “The Management Standards for Work-related Stress”, toma en conta a percepción da persoa afectada e aspectos concretos da organización do traballo. Estuda 6 áreas básicas: esixencia, control, apoio, relacións, cambio e roles. Instrumento complementario: Versión reducida do Cuestionario PSQ CAT21 COPSOQ (adaptación ao español do cuestionario psicosocial de Copenhague)

	Diagnóstico de relación co traballo
	Guión de entrevista para a exploración de eventos vitais estresantes
	Persoas especialmente sensibles
	Persoas con antecedentes de patoloxía psiquiátrica severa diagnosticada previamente Persoas con alteracións sensoriais Persoas con patoloxías crónicas que poidan presentar episodios de reagudización ou descompensación en situacións de estrés Persoas con antecedentes de condutas aditivas

GLOSARIO



GLOSARIO

Abarloar: Situar un buque á beira doutro ou dun peirao, etc., de modo que estea en contacto co seu costado. Se hai varios, un á beira do outro, dise amarrado en primeira andana, segunda andana, etc.

Abocar: Achegar, dirixir cara a un lugar provisións, etc. Comezar a entrar nunha canle, estreito, porto, etc.

Adega: Compartimento interior do buque, baixo a cuberta, que serve para estibar distintas mercadorías ou provisións.

Agrilloar: Unir ou asegurar cun grillón dous anacos de cadea, unha cadea e unha virola, etc.

Altura: No mar fálase de altura para designar todo aquilo que está ou que traballa lonxe da costa. Por exemplo: pesca de altura, frota de altura, palangre de altura, etc. Tamén, por extensión, ten a acepción de industrial ou comercial.

Amarra: Cabo ou cable utilizado no mar que serve para facer firme algún obxecto ou peza.

Anamnese: Do grego *ana*, de 'novo', e *mnasthai*, 'lembrarse'. Son datos que fornece o propio paciente ou os seus familiares sobre o comezo da súa enfermidade ata o momento en que se somete á observación do médico. A anamnese, parte da historia clínica, recolle datos como a filiación, o motivo de consulta, os antecedentes familiares e persoais, etc., inda que dalgúns xa teremos extensa noticia a través da entrevista realizada anteriormente. O interrogatorio sistemático débenos permitir coñecer os síntomas máis relevantes e o seu devir na biografía do paciente. Trátase de realizar unha hipótese diagnóstica que nos permita recoller os datos para confirmala ou non.

Áncora: Obxecto pesado que se utiliza para suxeitar a nave ao fondo. En xeral son de metal e teñen forma de gancho nalgún dos seus extremos. A estas puntas chámaseles “unllas” e nas áncoras modernas adoitan ser móbiles, coma nas áncoras de patente, que, ademais, non levan cepo. Equipamento de ancoraxe.

Anzol: Arponciño ou garfo metálico que, pendente dunha sedela ou arame e posto nel un cebo, serve para pescar.

Aparello: Conxunto de elementos ou útiles empregados. Dependendo do tipo de pesca empréganse uns ou outros, inda que hai algúns que son xenéricos. Tamén se adoita entender como “aparello” o tramo final da liña de pesca.

Aprovisionar: Prover a nave de todo o necesario para a singradura.

Armario: Receptáculo refrixerado onde se estiban bandexas con capturas para a súa conxelación.

Arpián: Tamén chamado ‘brazolada’, é a sedela que pende da liña nai nos aparellos de múltiples anzois, como o palangre.

Arqueo: Volume interior do casco e superestrutura. Mídese en Toneladas Morson (1 Tonelada Morson=2,83 m³).

Arrastre: Arte que lle debe o seu nome ao seu modo de traballar, é dicir, arrastrándose polo fondo. Un barco, o arrastreiro, remolca e, na súa traxectoria, vai enmallando a pesca que lle sae ao paso. A súa forma de traballo consiste en capturar o peixe mediante o arrastre dunha rede sen que este se enmalle nela. O tipo de arte pode ser arrastre de fondo ou arrastre de grande abertura vertical.

Arte: Tradicionalmente, na xerga dos pescadores, unha arte era un enxeño para pescar, composto ou formado por algún tipo de trampa ou de rede. Hoxe en día enténdese por ‘arte’ todo aquilo que serve para a captura de peixes, mesmo un palangre ou un aparello calquera.

Atracar: Acción de arrimar unha embarcación á terra ou a outras co obxecto de inmovilizala.

Babor: Parte esquerda da embarcación mirando dende popa cara á proa.

Baliza: Sinal fixo ou móbil que se pon de marca para indicar lugares perigosos ou para orientación do navegante.

Baixura (Frota de): A frota de baixura, que a miúdo se identifica coa frota chamada “artesanal”, é aquela que pesca con aparellos tradicionais, en xeral en embarcacións pequenas ou medianas, e que permanece en augas costeiras, ou, polo menos, na plataforma continental.

Bobinar: Enrolar ou debandar fíos, arame, etc., en forma de bobina, normalmente sobre un carrete.

Bogar: Remar.

Boia: A boia é un corpo lixeiro, que aboia e que se mantén suxeita ao fondo mediante un cabo e un lastre ou morto. Utilízase quer para sinalizar, quer para amarrar unha embarcación.

Borda: Canto superior do costado dun buque. Parte comprendida entre a cuberta e a regala.

Botalón: Pau longo que se saca cara á parte exterior da embarcación cando convén para varios usos.

Bote: Embarcación menor a remo. En ocasións axústaselle un motor, polo xeral foraborda.

Boza: Cacho de corda feito firme por un extremo nun punto fixo do buque, e que por medio das voltas que lle dá ao calabrote, cadea, etc., que traballa, impide que escorregue.

Brazolada: Véxase **arpián**. Sobre todo as do palangre.

Cabeceiro: Cabo co cal se suxeita o puño na arte do cerco.

Cabina: Espazo habitable e cuberto nunha embarcación.

Cabo: Calquera das cordas ou amarras que leva o buque.

Caladoiro: Espazo comprendido dentro da plataforma continental onde se pesca.

Calón: Pau redondo, de preto dun metro de longo, que serve para manter estendidas as redes, pendurándoas del por un dos seus costados.

Cana: Vara longa usada para pescar. Existen infinidade de modelos, adecuados a todo tipo de pesca.

Cardume: Banco de peixes normalmente da mesma especie. Ás veces conta con milleiros de exemplares que gardan unha sólida disciplina de grupo e viven e prosperan manténdose en formación. Adaptan técnicas defensivas fronte aos depredadores e desprázanse xuntos guiados por estímulos que, á luz dos coñecementos actuais, non están de todo claros.

Carnada: Nome xenérico para designar o cebo de orixe animal, en xeral morto.

Cebo: Alimento para os peixes. Aquilo co que se encarna o anzol.

Cerco (Arte de): Artes que se calan de forma vertical e traballan rodeando o cardume de peixes para despois enmallalos, ou ben pechalos formando un embude.

Cope: Parte posterior da arte. É a bolsa ou o saco que forma a rede na súa parte máis profunda e afastada da relinga.

Costeiro: O barco destinado a navegar seguindo a liña da costa.

Dar: Alcanzar, caber ou permitir.

Desembarcar: Sacar efectos de a bordo e levalos á terra. Tamén aplicable ás persoas.

Desenlear: No aparello, cando se aduxa ordenadamente os cabos e se dispón a enxarcia de labor para que traballe sen enredos.

Desenmoldar (o peixe): Retirar o peixe das súas caixas.

Encarnar: Acomodar un cebo no anzol.

Encintar: Colocar cintas para asegurar vultos.

Engado: É aquel alimento co que se ceba a auga e que ten como misión atraer e reter a pesca cerca do aparello.

Enmallar: Quedar o peixe preso na malla ou na rede da arte.

Eslora: A eslora mide a lonxitude da nave, tomada esta na liña de flotación.

Estibar: Colocar e acomodar a carga dun buque de forma axeitada.

Estribor: Banda ou costado dereito dun buque mirando de popa a proa. Luz Verde.

Estrobo: Cacho de cabo unido polos seus extremos que serve para suspender cosas.

Fondear: É a acción de fixar unha embarcación ao fondo mediante a utilización dunha ou de varias áncoras.

Frota: Conxunto de embarcacións.

Gambuza: Despensa, lugar onde se gardan os comestibles.

Gobernar: Dirixir a nave, levala a rumbo.

Grillón: Ferraxe en forma aproximadamente de “U” de múltiples aplicacións a bordo. Hai varios tipos: xiratorios, revirados, automáticos, etc.

Guinche: Máquina pequena que consta de dous carreteis exteriores e dous interiores e que se utiliza para elevar a arte.

Halador: Polea especial para halar a arte.

Halar: Na xerga mariñeira significa ‘recoller’, cando falamos dunha arte ou aparello.

Izar: Subir algo a bordo, normalmente por medio de cables ou poleas.

Lance: Acción e efecto de lanzar. Acción de botar a rede para pescar. Pesca que se saca dunha vez.

Largar: En xerga mariñeira, largar equivale a ‘botar’ ou ‘soltar’.

Lascar: Afrouxar, largar un cabo.

Lastre: Pedra, area, auga ou outra cousa de peso que se pon no fondo da embarcación co fin de que esta entre na auga ata onde conveña.

Levantar áncora: Facerse ao mar.

Levar: Tirar dun cabo, recolléndoo de maneira continua.

Linga: Corda provista de ganchos para levantar grandes pesos.

Liña: Sedela, fío para pescar. Pode ser de diversos materiais, monofilamento ou trenzado, de diversas cores, grosos, flexibilidade, resistencia, etc.

Liña nai: Aquela sobre a que se monta e sostén o aparello de pesca.

Litoral: A zona litoral é aquela franxa costeira influída pola marea e que comprende unha serie de biótotos, cada un dos cales determinará, pola súa vez, diversas comunidades de seres vivos. Estes biótotos están caracterizados basicamente segundo a profundidade á que se atopan.

Lonxa: Lugar baixo teito, enclavado no porto ou nas súas inmediacións, onde se poxa o peixe desembarcado naquel.

Malla: Pano da arte. Rede.

Malleta: Cabo mixto, fabricado en parte con arame e deseñado para a arte da pesca de arrastre de fondo.

Marisco: Determinados crustáceos e moluscos de alto valor culinario.

Matriz: *Matriz de emprego-exposición*, que permite asociar todos os postos de traballo ocupados por un traballador con información específica sobre a exposición a riscos.

Medidas de frecuencia de enfermidade: A epidemioloxía ten entre un dos seus obxectivos primordiais o estudo da distribución e dos determinantes das diferentes enfermidades. A cuantificación e a medida da enfermidade, ou doutras variables de interese, son elementos fundamentais para formular e probar hipóteses, así como para permitir comparar as frecuencias de enfermidade entre diferentes poboacións, ou entre persoas con ou sen unha exposición ou característica dentro dunha poboación determinada.

Molinete: Artefacto mecánico con forma de tambor e que ten un mecanismo interno de *crique*, que facilita a caza dos cabos.

Motón: Ferraxe que serve para cambiar a dirección dun cabo.

Palangre: É un aparello de pesca composto por unha liña nai da que penden un número variable de arpiáns ou brazolas rematadas nun anzol. Pode ser de moitos tipos e dimensións. Segundo a zona onde traballe, denomínase de fondo ou de superficie, pero tamén de altura, de baixura, etc. Na actualidade tamén se fala de palangres que non levan anzois, mais si outro tipo de enganos, como o palangre de gaiolas ou nasas, que se emprega para pescar marisco.

Palangreiro: Embarcación que emprega o palangre como aparello de pesca.

Paleta: Plataforma de táboas para almacenar e transportar mercancías.

Panga: Embarcación mariña pequena.

Pantano: Receptáculo no parque de pesca que recibe as capturas dende a cuberta superior.

Pasarela: Ponte pequena, a miúdo provisional, feita de materiais lixeiros que serve para salvar o espazo entre o barco e o peirao.

Pasteca: Especie de motón ferrado, cunha abertura nun dos lados da súa caixa, para que pase o cabo con que se ten que traballar.

Patín: Ferraxe que corre sobre un raíl firme en cuberta e que serve de sostén móbil a un motón, polo xeral os motóns das escotas.

Peirao: Dique portuario.

Percha: Todo pau que forma parte do aparello dun barco.

Pesca artesanal: É aquela actividade realizada por un ou máis pescadores, cuxas capturas son realizadas con embarcacións de menos de 10 toneladas de rexistro bruto (TRB), que se efectúa no mar, en zonas próximas á costa ou en augas interiores, ben sexan de auga doce ou salobre.

Pesca de altura: Tipo de pesca industrial que ten un radio de acción moi amplo e chega a exercer a súa actividade fóra da liña de 60 millas e na zona comprendida entre os paralelos 60° N e 35° S e os meridianos 52° E e 20° O. Utilízanse embarcacións con potencia, eslora e tonelaxe importantes, existindo embarcacións que alcanzan os 1.200 CV de potencia e superan os 30 metros de eslora. As artes de pesca empregadas son fundamentalmente palangre e arrastre.

Pesca de anzol: Arte selectiva de pesca que consiste en calar un anzol con cebo ou carnada, de maneira que o peixe quede enganchado ao intentar comelo. Existen varios tipos de aparellos de pesca de anzol: liña ou volantín, tala, pedra e bóla, cacea ou curricán, etc.

Pesca de baixura: Realízase nas proximidades da costa empregando pequenas embarcacións, en xeral con métodos artesáns e, de ordinario, durante o día. Nalgunhas ocasións realízase durante a noite con faros apropiados. A frota litoral ou de baixura está composta por barcos de 20 a 100 toneladas, e a frota familiar ou artesanal por barcos de menos de 20 toneladas.

Pesca de grande altura: É a realizada por buques de gran porte que se dedican á pesca industrial sen limitacións de mares nin distancias á costa e fóra das zonas comprendidas na pesca de altura. As frotas compoñenas grandes embarcacións que chegan mesmo a superar os 100 metros de eslora e os 7.500 CV de potencia, capaces de extraer enormes cantidades de peixe en cada lance. Trátase de “buques factoría” —cerqueiros ou arrastreiros conxeladores con enorme capacidade de pesca, transformación e almacenaxe de peixe— nos que se desenvolven procesos produtivos complexos.

Pé de galo: Ramais dun cabo ou cable onde se fai firme un aparello.

Popa: Parte posterior dunha embarcación.

Proa: É a parte dianteira do barco.

Ponte (de mando): Lugar sobre a cuberta máis alta dende o que se goberna a nave e se monta, en caso de habela, a garda permanente.

Puntal: Altura dunha embarcación dende a súa parte inferior ata a cuberta superior.

Rede de cerco: Arte que traballa rodeando os cardumes para logo apresalos. Hai dous tipos principais: as que apresan a pesca por enmalle cando esta intenta escapar, e as que se pechan por abaixo, formando unha especie de embude.

Redeira: Persoa, tradicionalmente muller, que ten por oficio facer ou reparar redes para as distintas artes de pesca (cerco, palangre, arrastre ou artes menores).

Regala: Listón de madeira que cobre a parte superior da borda.

Relinga: Amarra resistente que sostén as cortizas ou os chumbos da arte. Asemade, serve de remate da malla.

Rizón: Áncora de tres uñas.

Salabardo: Pequena rede enmarcada e suxeita cun pau ou mango. De maiores dimensións que a redeña.

Taco: Comida lixeira e de fácil elaboración.

Tangóns: Son varas longas que se colocan a ambos os lados da embarcación, polas bandas de babor e de estribor. Serven para separar do casco as sedelas das canas cando se pesca a cacea e evitar así enredos nas liñas. Tamén se coñecen popularmente polo seu nome en inglés, *outriggers*.

Tira: Parte dun cabo que, pasando por un motón, se estende horizontalmente de xeito que se agarren dela os mariñeiros para halar.

Tira de proa: Cabo que se larga ou cobra pola amura (ao lado de proa).

Tira de popa: Cabo que se larga ou cobra pola aleta (ao lado de popa).

Tonelaxe bruta: É unha medida de volume, non de peso. En español denominábase TRB (tonelaxe de rexistro bruto) e en inglés GRT (Gross Register Tonnage). Na actualidade denomínase GT (Gross Tonnage). Trátase do volume pechado total do barco. Isto inclúe o volume das adegas, depósitos, sala de máquinas, acomodación, ponte, pañois... en fin, todo o que vaia pechado; practicamente todo o barco menos o tubo da cheminea.

Tonelaxe de arqueo: Medida fiscal do tamaño da embarcación. Non é un peso. Calcúlase como (eslora x manga x puntal)/5. * Desprazamento dun barco en toneladas.

Trincar: Asegurar ou suxeitar fortemente con cabos ou cordas, cables, cadeas, etc. os efectos de a bordo.

Vara: Cana.

Vento: Corda longa ou arame que se ata a unha cousa para mantela dereita no alto ou movela con seguridade cara a un lado.

Virar: Cambiar o rumbo. As embarcacións non “xiran”, senón que viran.

Virar / Viraxe: Acción de levantar a rede ou palangre fóra da auga para recoller as capturas.

Xareta: Cabo que serve para pechar a arte de cerco ata formar unha bolsa.

Zafar: Soltar o que estaba amarrado ou suxeito, desembarazar, liberar. Librarse dunha varada. Desembarazarse dun estorbo ou perigo.

Zapón: Cada unha das aberturas que hai nas diversas cubertas para o servizo do buque.

BIBLIOGRAFÍA



NORMATIVA

Convenios e Recomendacións OIT

- Convenio 164 sobre a protección da saúde e a asistencia médica (xente de mar), 1987. Organización Internacional do Traballo.
<http://www.ilo.org/ilolex/cgi-lex/convds.pl?C164>
- C188 Convenio sobre o traballo na pesca, 2007.
<http://www.ilo.org/ilolex/cgi-lex/singles.pl?query=012007188@ref&chspec=01>
- R199 Recomendación sobre o traballo na pesca, 2007.
<http://www.ilo.org/ilolex/cgi-lex/singles.pl?query=022007199@ref&chspec=02>

Convenios OMI

- Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar, 1974 (SOLAS 1974). Organización Marítima Internacional.
http://www.imo.org/KnowledgeCentre/ReferencesAndArchives/HistoryofSOLAS/Documents/SOLAS%201974%20-%20Brief%20History%20-%20List%20of%20amendments%20to%20date%20and%20how%20to%20find%20them.html#Chapter_IV_-_Radiocommunications
- Emendas do 2011 ao Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar, 1974; emendas adoptadas en Londres o 20 de maio do 2011 mediante Resolución MSC 317(89).
<http://www.boe.es/boe/dias/2012/12/05/pdfs/BOE-A-2012-14814.pdf>

Normativa Comunitaria

- Regulamento (CE) n.º 498/2007 da Comisión, do 26 de marzo do 2007, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1198/2006 do Consello relativo ao Fondo Europeo de Pesca.
http://europa.eu/legislation_summaries/maritime_affairs_and_fisheries/fisheries_sectororganisation_and_financing/l66041_es.htm
- Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro do 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, e polo que se modifican e derrogan as Directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1907/2006 (Texto pertinente para os efectos do EEE). *Diario Oficial* n.º L 353 do 31/12/2008, p. 0001-1355.
<http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=CELEX:32008R1272:ES:HTML>
- Directiva 92/29/CEE do Consello, do 31 de marzo de 1992, relativa ás disposicións mínimas de seguridade e de saúde para promover unha mellor asistencia médica a bordo dos buques. *Diario Oficial* n.º L 113 do 30/04/1992, p. 0019-0036.
<http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=CELEX:31992L0029:es:HTML>
- Directiva 94/33/CE do Consello, do 22 de xuño de 1994, relativa á protección da mocidade no traballo. *Diario Oficial* n.º L 216 do 20/08/1994, p. 0012-0020.
<http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=CELEX:31994L0033:ES:HTML>

- Directiva 2007/30/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño do 2007, pola que se modifica a Directiva 89/391/CEE do Consello, as súas directivas específicas e as directivas 83/477/CEE, 91/383/CEE, 92/29/CEE e 94/33/CE do Consello, co fin de simplificar e racionalizar os informes sobre a súa aplicación práctica. *Diario Oficial* n.º L 165 do 27/06/2007, p. 21-24.
<http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2007:L65:0021:01:ES:HTML>
- Directiva 92/85/CEE do Consello, do 19 de outubro de 1992, relativa á aplicación de medidas para promover a mellora da seguridade e da saúde no traballo da traballadora embarazada, que deu a luz ou en período de lactación (décima Directiva específica conforme o apartado I do artigo 16 da Directiva 89/391/CEE). *Diario Oficial* n.º L 348 do 28/11/1992, p. 0001-0008.
<http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=CELEX:31992L0085:ES:HTML>
- Directiva 2013/35/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño do 2013, sobre as disposicións mínimas de saúde e seguridade relativas á exposición dos traballadores aos riscos derivados de axentes físicos (campos electromagnéticos) (vixésima Directiva específica conforme ao artigo 16, apartado I, da Directiva 89/391/CEE), e pola que se derroga a Directiva 2004/40/CE.
<http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2013:L79:0001:0021:ES:PDF>

Normativa estatal e das comunidades autónomas

- Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
<http://www.boe.es/boe/dias/1999/12/14/pdfs/A43088-43099.pdf>
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que contempla a necesidade de adoptar medidas neste ámbito como parte integrante do dereito da muller á igualdade efectiva no traballo.
<http://www.boe.es/boe/dias/2007/03/23/pdfs/A12611-12645.pdf>
- Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.
http://www.boe.es/aeboe/consultas/bases_datos/act.php?id=BOE-A-1986-10499
- Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.
<http://www.boe.es/boe/dias/1992/11/25/pdfs/A39953-39984.pdf>
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
http://www.boe.es/aeboe/consultas/bases_datos/act.php?id=BOE-A-1995-24292
- Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras.
<http://www.boe.es/boe/dias/1999/11/06/pdfs/A38934-38942.pdf>
- Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.
<http://www.boe.es/boe/dias/2001/03/28/pdfs/A11509-11532.pdf>
- Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.
<http://www.boe.es/boe/dias/1994/06/29/pdfs/A20658-20708.pdf>

- Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.
<http://www.boe.es/boe/dias/1995/03/29/pdfs/A09654-09688.pdf>
- Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención. BOE n.º 27, do 31 de xaneiro.
http://www.boe.es/aeboe/consultas/bases_datos/act.php?id=BOE-A-1997-1853
- Real decreto 487/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á manipulación manual de cargas que entrañe riscos, en particular dorsolumbares, para os traballadores.
<http://www.boe.es/boe/dias/1997/04/23/pdfs/A12926-12928.pdf>
- Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.
<http://www.boe.es/boe/dias/1997/05/24/pdfs/A16100-16111.pdf>
- Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.
<http://www.boe.es/boe/dias/1997/05/24/pdfs/A16111-16115.pdf>
- Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual.
<http://www.boe.es/boe/dias/1997/06/12/pdfs/A18000-18017.pdf>
- Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo.
<http://www.boe.es/boe/dias/1997/08/07/pdfs/A24063-24070.pdf>
- Real decreto 1216/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo a bordo dos buques de pesca.
<http://www.boe.es/boe/dias/1997/08/07/pdfs/A24070-24078.pdf>
- Real Decreto 930/1998, do 14 de maio, sobre condicións xerais de idoneidade e titulación de determinadas profesións da Mariña Mercante e do sector pesqueiro.
<http://www.boe.es/boe/dias/1998/05/26/pdfs/A17313-17317.pdf>
- Real decreto 439/1998, do 20 de marzo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Cantabria en materia de mergullo profesional.
<http://www.boe.es/boe/dias/1998/04/01/pdfs/A11045-11046.pdf>
- Real decreto 258/1999, do 12 de febreiro, polo que se establecen condicións mínimas sobre a protección da saúde e a asistencia médica dos traballadores do mar.
<http://www.boe.es/boe/dias/1999/02/24/pdfs/A07614-07680.pdf>
- Real decreto 809/1999, do 14 de maio, polo que se regulan os requisitos que deben reunir os equipos mariños destinados a ser embarcados nos buques, en aplicación da Directiva 96/98/CE, modificada pola Directiva 98/85/CE.
<http://www.boe.es/boe/dias/1999/05/29/pdfs/A20396-20425.pdf>
- Real decreto 1032/1999, do 18 de xuño, polo que se determinan as normas de seguridade que deben cumprir os buques pesqueiros de eslora igual ou superior a 24 metros.
<http://www.boe.es/boe/dias/1999/07/01/pdfs/A24971-24984.pdf>

- Real decreto 1837/2000, do 10 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de inspección e certificación de buques civís.
<http://www.boe.es/boe/dias/2000/11/28/pdfs/A41142-41164.pdf>
- Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.
<http://www.boe.es/boe/dias/2001/05/01/pdfs/A15893-15899.pdf>
- Real decreto 285/2002, do 22 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, no relativo ao traballo no mar.
<http://www.boe.es/boe/dias/2002/04/05/pdfs/A13007-13015.pdf>
- Real decreto 1422/2002, do 27 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 1032/1999, do 18 de xuño, polo que se determinan as normas de seguridade que deben cumprir os buques pesqueiros de eslora igual ou superior a 24 metros.
<http://www.boe.es/boe/dias/2002/12/28/pdfs/A45758-45768.pdf>
- Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.
<http://www.boe.es/boe/dias/2003/10/23/pdfs/A37893-37902.pdf>
- Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.
http://www.boe.es/boe/consultas/bases_datos/doc.php?id=BOE-A-2004-1848
- Real decreto 2390/2004, do 30 de decembro, sobre redución da idade mínima para causar pensión de xubilación no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.
<http://www.boe.es/boe/dias/2005/01/20/pdfs/A02172-02174.pdf>
- Real decreto 1311/2005, do 4 de novembro, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores fronte aos riscos derivados ou que se poidan derivar da exposición a vibracións mecánicas.
<http://www.boe.es/boe/dias/2005/11/05/pdfs/A36385-36390.pdf>
- Real decreto 286/2006, do 10 de marzo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído.
<http://www.boe.es/boe/dias/2006/03/11/pdfs/A09842-09848.pdf>
- Real decreto 1185/2006, do 16 de outubro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as radiocomunicacións marítimas a bordo dos buques civís españois.
<http://www.boe.es/boe/dias/2006/11/01/pdfs/A37906-37944.pdf>
- Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen criterios para a súa notificación e rexistro.
<http://www.boe.es/boe/dias/2006/12/19/pdfs/A44487-44546.pdf>
- Real decreto 543/2007, do 27 de abril, polo que se determinan as normas de seguridade e prevención da contaminación que deben cumprir os buques pesqueiros menores de 24 metros de eslora (L), define as seguintes clases de buques de pesca, que son as que contempla a Guía Técnica para aplicación do R.D. 1216/97, do 18 de xullo, sobre as “Disposicións mínimas de Seguridade e Saúde no Traballo a bordo dos Buques de Pesca”.
<http://www.boe.es/boe/dias/2007/06/01/pdfs/A23806-23891.pdf>

- Real Decreto 1311/2007, do 5 de outubro, polo que se establecen novos criterios para determinar a pensión de xubilación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.
<http://www.boe.es/boe/dias/2007/10/24/pdfs/A43260-43262.pdf>
- Real decreto 1519/2007, do 16 de novembro, polo que se establecen os coñecementos e requisitos mínimos para exercer a actividade profesional de mariñeiro en buques de pesca.
<http://www.boe.es/boe/dias/2007/12/04/pdfs/A49936-49939.pdf>
- Real decreto 1696/2007, que regula os recoñecementos médicos de embarque marítimo.
<http://www.boe.es/boe/dias/2007/12/31/pdfs/A53975-53985.pdf>
- Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas.
<http://www.boe.es/boe/dias/2008/10/11/pdfs/A40995-41030.pdf>
- Real decreto 298/2009, do 6 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, en relación coa aplicación de medidas para promover a mellora da seguridade e da saúde no traballo da traballadora embarazada, que deu a luz ou en período de lactación.
<http://www.boe.es/boe/dias/2009/03/07/pdfs/BOE-A-2009-3905.pdf>
- Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante.
<http://www.boe.es/boe/dias/2009/07/02/pdfs/BOE-A-2009-10900.pdf>
- Real decreto 337/2010, do 19 de marzo, polo que se modifican o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención; o Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.
http://www.boe.es/aeboe/consultas/bases_datos/doc.php?id=BOE-A-2010-4765
- Real decreto 504/2011, do 8 de abril, de estrutura e funcións do Instituto Social a Mariña, que lle atribúe a este organismo a asistencia sanitaria dos traballadores do mar, tanto a bordo como no estranxeiro, a inspección e control das caixas de urxencias dos buques e a formación sanitaria dos traballadores do mar.
<http://www.boe.es/boe/dias/2011/05/12/pdfs/BOE-A-2011-8282.pdf>
- Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen os criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención.
<http://www.boe.es/boe/dias/2011/07/04/pdfs/BOE-A-2011-11428.pdf>
- Real decreto 884/2011, do 24 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1519/2007, do 16 de novembro, polo que se establecen os coñecementos e requisitos mínimos para exercer a actividade profesional de mariñeiro en buques de pesca.
<http://www.boe.es/boe/dias/2011/06/30/pdfs/BOE-A-2011-11219.pdf>
- Real decreto 885/2011, do 24 de xuño, polo que se complementa o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, mediante o establecemento de seis cualificacións profesionais da Familia Profesional Marítimo-Pesqueira, e se actualizan determinadas cualificacións profesionais das establecidas no Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro, no Real decreto 1179/2008, do 11 de xullo, e no Real decreto 101/2009, de 6 de febreiro.
<http://www.boe.es/boe/dias/2011/07/13/pdfs/BOE-A-2011-12070.pdf>

- Real decreto 1033/2011, do 15 de xullo, polo que se complementa o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, mediante o establecemento de catro cualificacións profesionais da familia profesional Marítimo-Pesqueira.
<http://www.boe.es/boe/dias/2011/08/04/pdfs/BOE-A-2011-13390.pdf>
- Real decreto 1696/2012, do 21 de decembro, polo que se modifica a definición contida no apartado 6 do artigo 2 do Real decreto 1216/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo a bordo dos buques de pesca.
<http://www.boe.es/boe/dias/2012/12/22/pdfs/BOE-A-2012-15472.pdf>
- Orde SCO/1526/2005, do 5 de maio, pola que se aproba e publica o programa formativo da especialidade de Medicina do Traballo.
<http://www.boe.es/boe/dias/2005/05/28/pdfs/A18091-18100.pdf>
- Orde TAS/1/2007, do 2 de xaneiro, pola que se establece o modelo de parte de enfermidade profesional, se ditan normas para a súa elaboración e transmisión e se crea o correspondente ficheiro de datos persoais.
<http://www.boe.es/boe/dias/2007/01/04/pdfs/A00482-00487.pdf>
- Orde TIN/2504/2010, do 20 de setembro, pola que se desenvolve o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención no referido á acreditación de entidades especializadas como servizos de prevención, memoria de actividades preventivas e autorización para realizar a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas.
<http://www.boe.es/boe/dias/2010/09/28/pdfs/BOE-A-2010-14843.pdf>
- Orde ARM/1753/2011, do 22 de xuño, pola que se regula a pesqueira de atún vermello no Atlántico oriental e Mediterráneo nas disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo a bordo dos buques de pesca.
<http://www.boe.es/boe/dias/2011/06/25/pdfs/BOE-A-2011-11007.pdf>
- Orde ESS/229/2012, do 9 de febreiro, pola que se establecen para o ano 2012 as bases de cotización á Seguridade Social dos traballadores do Réxime Especial do Mar incluídos nos grupos segundo e terceiro.
<http://www.boe.es/boe/dias/2012/02/13/pdfs/BOE-A-2012-2149.pdf>
- Resolución, do 15 de xaneiro de 1991, da Secretaría Xeral Técnica, sobre aplicación do artigo 32 do Decreto 801/1972, relativo á ordenación da actividade da Administración do Estado en materia de Tratados Internacionais.
http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-1991-1613

BIBLIOGRAFÍA

- *10 porqués para una salud y seguridad laboral con perspectiva de género*. Generalitat de Catalunya. Departament de Treball. Barcelona, outubro do 2010.
http://www.redunidadesdeigualdad.udl.cat/fileadmin/Recursos/PRL/10XQ_Genere_cast.pdf
- Benavides, F.G., Ruiz Frutos, C., García García, A.M. 1997. *Salud laboral. Conceptos y técnicas para la prevención de riesgos laborales*. Barcelona: Masson.
- Blasco, A. 1998. *Concepto, fuentes y alcance del Derecho a la Seguridad y Salud en el Trabajo*. Santander: Gobierno de Cantabria, Consejería de Industria, Turismo, Trabajo y Comunicaciones.
- Eiroa del Río, F. 2002. *La pesca profesional y su técnica*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Eklöf, B., Rutherford, R.B., Bergan, J.J., Carpentier, P.H., Gloviczki, P., Kistner, R.L. et al.; American Venous Forum International Ad Hoc Committee for Revision of the CEAP Classification. "Revision of the CEAP classification for chronic venous disorders: consensus statement". *Journal of Vascular Surgery*, 2004, 40: 1248-1252.
- Enciclopedia da OIT.
<http://www.insht.es/portal/site/Insht/menuitem.1f1a3bc79ab34c578c2e8884060961ca/?vgnextoid=a981ceffc39a5110VgnVCM100000dc0ca8c0RCRD&vgnnextchannel=9f164a7f8a651110VgnVCM100000dc0ca8c0RCRD>
- Esteban Buedo, V., García Gómez, M., Gallo Fernández, M., Guzmán Fernández, A. 2004. *Libro Blanco de la vigilancia de la salud para la prevención de riesgos laborales*. Madrid: Ministerio de Sanidade e Consumo.
<http://www.msc.es/ciudadanos/saludAmbLaboral/docs/portadaLibroBlanco.pdf>
- Esteban Buedo, V., Santolaria Bartolomé, E., de Motta Martínez, M.J., Escolano Puig, M. (coord.) 2005. *Empresas Generadoras de Salud*. Valencia: Generalitat Valenciana.
http://biblioteca.sp.san.gva.es/biblioteca/publicaciones/MATERIAL/PUBLICACIONES/SER_SL/ASE/EGS/EGS_CASTELLANO.PDF
- Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo, aprobada polo Consello de Ministros, do 29 de xuño do 2007.
http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Instituto/Estrategia_Seguridad_Salud/estrategia_2007_2012.pdf.Actualizado%20Junio%202011.pdf
- FDN-26. "Buques de Pesca. Normativa nacional de seguridade e saúde" – INSHT. Ano 2011.
http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/Publicaciones%20y%20documentacion/Divulgacion_Normativa/fdn_26.pdf
- FDN-27. Buques de Pesca. Normativa internacional de seguridade e saúde – INSHT. Ano 2013.
<http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/TEXTOS%20LEGALES/FDN/Ficheros/FDN%2027.pdf>
- García Gómez, M., Esteban Buedo, V., Gallo Fernández, M., Guzmán Fernández, A. "Diez años de vigilancia de la salud de los trabajadores". Revista *La Mutua*, 2006, n.º 14, p. 9-29.
http://www.fraternidad.com/descargas/FM-REVLN-14-2_4_Diez_años_de_vigilancia_de_la_salud_de_los_trabajadores.pdf
- Gil Hernández, F. 2005. *Tratado de Medicina del Trabajo*. Barcelona: Masson.

- González Rodríguez, M.M., García Puente, N.E. 2004. *NTP 625: Riesgos biológicos en la pesca marítima*. Madrid: INSHT.
http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/FichasTecnicas/NTP/Ficheros/601a700/ntp_625.pdf
- *Guia de bona praxi per a la vigilància de la salut mental relacionada amb els factors de risc psicosocial*. Generalitat de Catalunya. Departament de Salut. Direcció General de Salut Pública.
<http://www.gencat.cat/salut/depsalut/html/ca/dir2143/riscpsicocompl2010.pdf>
- *Guía para la vigilancia de la salud de los trabajadores de hostelería*. Generalitat Valenciana. Conselleria de Sanitat. Valencia 2010.
<http://publicaciones.san.gva.es/publicaciones/documentos/VI546-2010.pdf>
- *Guía sanitaria a bordo*. Madrid: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociales, 1995.
http://www.seg-social.es/Internet_1/Lanzadera/index.htm?URL=70
- Kortum, E., Olukoya, A. 2011. *Gender, work and health*. Xenebra: World Health Organization.
http://whqlibdoc.who.int/publications/2011/9789241501729_eng.pdf
- LaDou, J. 2005. *Diagnóstico y tratamiento en medicina laboral y ambiental*. México: Manual Moderno.
- Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad. *Protocolos de vigilancia sanitaria específica de los trabajadores*.
<http://www.msps.es/ciudadanos/saludAmbLaboral/saludLaboral/vigiTrabajadores/protocolos.htm>
- Ministerio de Trabajo e Inmigración. *Seguridade Social Maternidad. Paternidad. Riesgo durante el embarazo. Riesgo durante la lactancia natural*.
<http://www.seg-social.es/prdi00/groups/public/documents/binario/100442.pdf>
- Morales Cuenca, G., Moreno Egea, A., Aguayo Albasini, J.L. "Los cirujanos generales frente a la cirugía de las varices". *Cirugía Española*, 2009, 85(4): 205-213.
http://www.aecirujanos.es/revisiones_cirugia/2009/Abril2_2009.pdf
- OHSAS 18001 (Occupational Health and Safety Assessment Series): Specifications for OH&S Management Systems.
- OHSAS 18002: Guidance for OH&S Management Systems.
- Organización Internacional do Trabajo, 2011. *Manual para la mejora de las condiciones de vida y de trabajo a bordo de los buques pesqueros*.
http://www.ilo.org/wcmsp5/groups/public/---ed_dialogue/---sector/documents/publication/wcms_162324.pdf
- Plan Integral para a Prevención de Riscos Laborais no Sector Pesqueiro da Comunidade Autónoma de Euskadi. Identificacións e Avaliacións de Riscos.
<http://www.itsaspreben.com/index.php?idioma=es&seccion=5&ctipo=2&contenido=210>
- Porter, J.M., Moneta, G.L.; International Consensus Committee on Chronic Venous Disease. "Reporting standards in venous disease: an update". *Journal of Vascular Surgery*, 1995, 21: 634-45.
- Promoción de la Salud en el Trabajo y la evaluación de la calidad.
<http://www.enwhp.org/>

- Rodríguez Arribe, J.A. “La gestión de la prevención a bordo de los buques de pesca. El comienzo de una etapa”. *AETINAPE*, marzo do 2007.
- Rodríguez Arribe, J.A. “Conciencia de Prevención”. *Area e Mar*, revista da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra, setembro do 2007, p. 34-37.
- Rodríguez Arribe, J.A. “Plan Vixía”. *Revista MAR* do Instituto Social da Mariña, 2007, n.º 457, p. 32-33.
- Rodríguez Arribe, J.A. “Prevención igual a Seguridad a bordo”. *Industrias Pesqueras*, 2008, n.º 1942, p. 37.
- Rodríguez Arribe, J.A. “Como pez en el agua”. *Asturias Prevención*, revista do Instituto Asturiano de Prevención de Riesgos Laborales, 2009, n.º 14, p. 16-22.
- Rodríguez Arribe, J.A. “Plan Vixía, una apuesta de firme de la administración gallega por la PRL en el sector pesquero”. *Riesgo Laboral*, 2009, n.º 27, p. 22-25.
- Serra, C., García Gómez, M. “Vigilancia individual de la salud”, en Benavides, F.G., Ruiz, C., García, A.M. *Salud Laboral. Conceptos y técnicas para la prevención de riesgos laborales*. Barcelona: Masson, 2000, p. 237-249.
- Solé Gómez, M.D. *NTP 639: La promoción de la salud en el trabajo: cuestionario para la evaluación de la calidad*. CNCT-INSHT.
http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/FichasTecnicas/NTP/Ficheros/601a700/ntp_639.pdf
- Solé Gómez, M.D. *NTP 915: Embarazo, lactancia y trabajo: vigilancia de la salud*. CNCT-INSHT.
<http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/NTP/NTP/Ficheros/891a925/915w.pdf>
- Solé Gómez, M.D. “La promoción de la salud en el trabajo: ¿utopía o necesidad?”. CNCT-INSHT.
<http://www.estrucplan.com.ar/Articulos/verarticulo.asp?IDArticulo=816>
- Solé Gómez, M.D. et al. 2011. *Directrices para la evaluación de riesgos y protección de la maternidad en el trabajo*. Barcelona: CNCT-INSHT.
http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Instituto/Noticias/Noticias_INSHT/2011/ficheros/2011_11_23_DIR_MATER.pdf
- Vicente, M.T., Ramírez, M.V., Murcia, J.J. 2008. *Medicina del trabajo. Protocolos y práctica de actuación*. Lettera Publicaciones.
- Vogel, L. 2003. *La salud de la mujer trabajadora en Europa. Desigualdades no reconocidas*. Bruselas: Bureau Technique Syndical Européen pour la Santé et la Sécurité.
<http://www.istas.net/web/abreenlace.asp?idenlace=2597>

OUTRAS FONTES CONSULTADAS

- http://www.seg-social.es/prdi00/idcplg?IdcService=GET_FILE&dID=83672&Rendition=Web
- http://www.marm.es/es/estadistica/temas/estadisticas-pesqueras/2009_04_Caracteristicas_tecnicas_tcm7-51486.xls
- http://www.seg-social.es/Internet_1/Estadistica/Est/Observatorio_de_las_Enfermedades_Profesionales/index.htm
- <http://www.mtin.es/es/estadisticas/index.htm>
- <http://www.seg-social.es/prdi00/groups/public/documents/binario/141887.pdf>
- <http://www.insht.es/portal/site/Insht/VAPCOOKIE=ycQmTRJfSnZn4lsD9YJZPIVWgJmGY3J5pnJLLHITm9X4zITr9kh51995412821!-2063770658>
- <http://www.msps.es/ciudadanos/saludAmbLaboral/saludLaboral/vigiTrabajadores/protocolos.htm>
- http://www.issga.es/html/public/campanas_detalle.php?campana=16
- <http://www.osalan.euskadi.net/s94-osalan/es/>
- <http://iaprl.asturias.es/es/>
- <http://icasst.es/>
- <http://www.itsaspreben.com/>
- <http://www.portalreach.info/clp/>
- <http://www.msps.es/ciudadanos/saludAmbLaboral/saludLaboral/home.htm>
- <http://www.granpesca.com/diccionario/z.htm>
- <http://www.ginasthma.org/>
- <http://www.fisterra.com/>
- <http://www.ilo.org/global/lang--es/index.htm>
- <http://www.cdc.gov/spanish/niosh/>
- http://www.pesca2.com/productos/escaparate.cfm?id_emp=1071306763
- <http://www.arvi.org/index.html>
- <http://www.worldfishing.net/news101/industry-news/opagacagac-and-issf-sign-deal-to-collaborate-on-better-fishing-practices>
- <http://www.magrama.gob.es/es/pesca/temas/la-pesca-en-espana/mapa-de-zonas-de-pesca/>
- <http://www.fnep.eu/>
- <http://www.anabac.org/index.php/es/asociados/inpesca>
- http://www.seg-social.es/Internet_1/Trabajadores/Afiliacion/RegimenesQuieneslos10548/RegimenEspecialdeTr32840/index.htm
- <http://www.fao.org/docrep/004/X9656S/x9656s05.htm#bm05.2>
- <http://eur-lex.europa.eu/es/consleg/latest/chap04.htm>
- http://www.ilo.org/wcmsp5/groups/public/---ed_dialogue/---sector/documents/publication/wcms_162324.pdf